

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2013 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2013.

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Consello da Cultura Galega no primeiro cuadrimestre do ano 2013, os cales se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2013

Ramón Villares Paz
Presidente do Consello da Cultura Galega

ANEXO

Convenio	Achega do Consello da Cultura Galega	Data da sinatura
Protocolo de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universitat de Barcelona a través do Centre Dona i Literatura	Sen dotación económica	14.2.2013
Convenio de cooperación entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas externas do alumnado das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía e na Facultade de Humanidades e Documentación	Sen dotación económica	12.3.2013
Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do estudo <i>Cartografías de mulleres: Mabel Ribera, homenaxe a Rosalía de Castro</i>	42.350 €	20.3.2013
Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do estudo <i>A lingua e a cultura galega nos medios de comunicación: o caso de Radio Nacional de España en Galicia, 1958-1996</i>	42.350 €	20.3.2013
Convenio entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración do <i>Repertorio da prensa galega na emigración americana</i>	84.700 €	20.3.2013
Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consello da Cultura Galega en materia de normalización lingüística	34.500 €	25.3.2013

